



## Área sanitaria de FERROL

### REUNIÓN DA COMISIÓN DE PRIMARIA CON PROCESOS AMBULATORIOS DO DÍA 2 DE XUÑO ÁS 09:00 HORAS

O martes 26 de maio nos correspondía a reunión mensual coa Dirección de Urgencias e Procesos Ambulatorios. Nesa data non había Director polo que dita reunión se pospuxo ata este martes día 2 de Xuño.

Por parte da Administración, estaban presentes na reunión:

D. Ignacio García García, Director de RR.HH.;  
D. Enrique González Rodríguez, Director de Enfermería;  
Dña Pilar Vázquez Saavedra, Subdirectora de Procesos Ambulatorios;  
Dña Esther Vidal Maroño, Subdirectora de Enfermería.

Ó inicio da reunión estivo presente o Director de Área para presentarnos á nova Directora de Urgencias e Procesos Ambulatorios: Dña Susana Santos Couce, Médico de Familia do C. S. de Miño. O Director de Área a definiu como “unha persona moi capacitada que **fixo a primeira receita electrónica no Servizo Galego de Saúde**”. Polo ben dos traballadores e traballadoras de Atención Primaria desta Área, desexamos que así sexa. A nova Directora preséntase ós representantes do persoal e abandona a xuntanza.

- ❖ Primeiro punto que se debateu foi o da **reoferta da Voluntariedade** para o persoal que se incorporou ós Centros de Saúde.

A Dirección contesta que están a esperar instrucións de Santiago, nalgúns Áreas xa tivo lugar esta reoferta oficial de voluntariedade parece que eiquí os compromisos adquiridos en mesa de seguimento do 30 de marzo de 2009 non sirven para nada, e aínda que a Comisión de Primaria pode participar deste proceso, negan a súa posibilidade argumentando “non ter instrucións das altas instancias”, un argumento pobre ó noso parecer que menosprecia os acordos acadados en mesa sectorial.

#### ❖ **Pago concepto celadores de PAC**

O Director de RR.HH. di que se pagará cando se realicen as funcións.

Dende CIG respostamos que se non se fan as tarefas é porque non poden por non ter as ferramentas axeitadas e iso non é imputable ó personal, senón á Administración.

Que por outra parte a Administración se comprometera a pagar o complemento de 45 € dende o momento en que os profesionais aceptasen as novas tarefas a desenvolver, así o fixeron e así constou en acta.

Nesta xuntanza a Dirección de RR.HH. se desdía, a nosa estupefacción é grande logo de que Director de Área na súa presentación asumira tódolos acordos asinados coa anterior Dirección, sendo este, un deles.



## área sanitaria de FERROL

O director de RR.HH. se reafirma no Dito (non respetar o compromiso adquirido) ó que respostamos contundentemente; logo dun intercambio de opinións o Director de enfermería nos pide ata o xoves día 4 para dárnos unha resposta, niso quedamos.

### ❖ Punto Protocolo de funcións de TCAE en primaria

Temos 2 propostas distintas de “protocolos de actividades das e dos TCAE en primaria, lle pedimos á Dirección que se defina por un deles, xa que levamos moito tempo á espera. Sendo necesario clarexar determinadas tarefas nos centros de atención primaria.

O novo Director de Enfermería propón desbotar os escritos e facer un grupo de traballo ao efecto donde se oferte a participación dos profesionais, solicitamos datas certas para a execución deste compromiso para non vernos eternamente esperando o resultado dun grupo de traballo que tarda en constituirse.

Comprométese a que o grupo se forme antes do verán aínda que comece a traballar despois do verán.

Finalmente decídese dar unha oportunidade a esta nova vía.

### ❖ Acoplamentos internos.

Solicitamos da Dirección que saian a acoplamento as prazas vacantes de diferentes categorías que, a día de hoxe, se están a cubrir con acúmulos de tarefas.

Insistimos de forma reiterada na necesidade de que a convocatoria aberta e permanente seña tal e non unha mera “frase”

O Director de RR.HH. dí que o está a mirar.....o Director de Enfermería se compromete a traer para a próxima reunión unha relación das prazas que cumplan eses requisitos.

Esiximos que a Dirección de Recursos Humanos cumpla coa súa laboura dado que non podemos petar tódolos días na mesma mesa sen obter resultados.

### ❖ Prazos revisión de retribucións:

Solicitamos información de cómo se está a levar este tema, dado que na Comisión de seguimento dos acordos de primaria trátanse estes temas de revisión de retribucións: tendo que facer o pago da parte proporcional de nocturnidade, festividade, e prefestividade do período de vacacións; neste senso RR.HH. di que a revisión e pago xa está feita.

A revisión do pago dos días de “especial significación” tal e como se acordou na Comisión de Seguimento (retribución de igual forma que no acordo Pacs 2005); respecto de isto a Dirección de RR.HH. resposta que xa está corregido e retribuído correctamente.



## área sanitaria de FERROL

***Pedímosvos que comprobades nas vosas nóminas que todos estes pagos están correctamente feitos, pois de ahí o respecto polos acordos acadados.***

En canto ó pago do concepto de intersubstitución (según os acordos terá que ter efecto retroactivo a súa revisión dende o 1/12/07). En Facultativos xa se está según nos comunica RR.HH.

Importante que revisedes si certamente isto é así, porque a Administración non fixo unha revisión de oficio para corrixir estes pagos polo que depende dos traballadores reclamar as débedas detectadas.

En canto a enfermería, a Dirección di que o persoal que non cobrou intersubstitución, reclame o seu dereito e revisen as nóminas pois tampouco se fixo corrección de oficio.

Á vosa disposición no local sindical neste senso.

### ❖ **Prazas de Médico de Familia no C.S. de Mañón**

No C.S. de Mañón había dúas prazas de Médico de Familia, dende a toma de posesión do concurso de traslados do pasado mes de outubro ese centro quedou con só un profesional.

Se lle pregunta que foi da segunda praza de Médico de Familia.

A Subdirectora de Procesos Ambulatorios nos informa que o cupo é de 1387 TIS, fan a comparación con A Capela e Moeche onde hai un só Médico de Familia. Que a praza non se amortizou senón que queda na Área.

Contestamos que non se tivo en conta a dispersión xeográfica. Que en enfermería hai unha sobrecarga de traballo dado a idade da poboación e que cremos necesario o 2º profesional.

En rogos e preguntas pedimoslle ó Director de RR.HH. que, tal como quedara, nos informe das denegacións de vacacións. Só nos pasa o listados do persoal afectado.